



SEMANA SANTA DE FERROL **2015**

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL


DO 29/03/15





AO 05/04/15

FERROL

 www.facebook.com/Ferrolturismo

 www.youtube.com/user/Ferrolturismo

 [@marvisitFerrol](https://twitter.com/marvisitFerrol)

 www.pinterest.com/Ferrolturismo





DOMINGO DE RAMOS 29 DE MARZO	Procesión de Xesús Amigo dos nenos. Procesión da Entrada triunfal de Xesús en Xerusalén. Procesión do Ecce Homo.
LUNS SANTO 30 DE MARZO	Procesión de Cristo Rei e a Virxe da Amargura.
MARTES SANTO 31 DE MARZO	Procesión do Cristo da Boa Morte. Procesión de Xesús Atado á Columna e a Santísima Virxe da Esperanza.
MÉRCORES SANTO 1 DE ABRIL	Procesión do Cristo dos Navegantes. Procesión da Nosa Señora dos Cativos e o Santísimo Cristo Redentor. Procesión do Cristo do Perdón e María Santísima dos Desamparados. Procesión da Penitencia. Procesión do Noso Pai Xesús camiño do Calvario.
XOVES SANTO 2 DE ABRIL	Procesión da Pontificia, Real e Ilustre Confraría da Nosa Señora das Angustias. Procesión do Cristo da Misericordia e María Santísima da Piedade.
VENRES SANTO 3 DE ABRIL	Procesión de Xesús Nazareno. Procesión da Nosa Señora das Dolores. Procesión do Santo Encontro. Procesión do Crucificado. Procesión do Traslado. Procesión do Santo Entero. Procesión da Soidade. Procesión dos Caladiños.
SÁBADO SANTO 4 DE ABRIL	Procesión da Caridade e o Silencio.
DOMINGO DE RESURRECCIÓN 5 DE ABRIL	Procesión de Xesús Resucitado ao encontro coa súa Nai. Procesión da Virxe da Luz ao encontro co seu Fillo. Procesión de María Magdalena ao encontro de Xesús Resucitado. Procesión da Resurrección.



SEMANA SANTA
DE FERROL **2015**

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

EDITA: Concello de Ferrol e Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A.

DESEÑO: Empatia Comunicación

FOTOGRAFÍA: Ovidio Aldegunde, Juan Balza, Xurxo Lobato, AL Fotografía,
Concello de Ferrol e Xunta Xeral de Confraría e Irmandades da Semana
Santa de Ferrol

IMPRESIÓN: Imprenta Provincial

ÍNDICE

■ PROCESIONARIO. SEMANA SANTA DE FERROL 2015	5
■ HORARIOS DE ACTIVIDADES EN SEMANA SANTA	29
■ FERROL ECUESTRE. EQUIOCIO 2015	39
■ HORARIOS DE MUSEOS E EXPOSICIÓN	45



DOMINGO DE RAMOS

PROCESIÓN DE XESÚS AMIGO DOS NENOS

Organiza: Confraría das Angustias.

Hora: 11.15 h - Bendición de Ramos.
11.30 h - Saída da procesión.

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), Carlos III, Ánimas, avenida de Esteiro, Ramón y Cajal e retirada na Igrexa da N^a. S^a. do Pilar.

Paso: Xesús Amigo dos nenos.

PROCESIÓN DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 12.15 h - Bendición de Ramos.
12.30 h - Eucaristía.
13.00 h - Saída da procesión.

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Terra, Dolores, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: San Xoán Evanxelista (s. XVII) e A Borriquiña (Massagué).

PROCESIÓN DO ECCE HOMO

Organizan: Confrarías da Orde Terceira.

Hora: 20.00 h.

Percorrido: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco, glorieta da Orde Terceira, Real, Terra, Dolores, Méndez Núñez, Real, glorieta da Orde Terceira e Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco.

Pasos: San Pedro Apóstolo (Anónimo, s. XVIII), Cristo da Boa Morte (David Dos Santos Feal, 2002) e Ecce Homo (Florencio Gambino, 1750).



LUNS SANTO



PROCESIÓN DE CRISTO REI E A VIRXE DA AMARGURA

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 22.00 h.

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Terra, Dolores, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: Cristo Rei e a Santísima Virxe na súa Amargura.



MARTES SANTO

PROCESIÓN DO CRISTO DA BOA MORTE

Organizan: Confrarías da Orde Terceira.

Hora: 20.00 h.

Percorrido: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco, glorieta da Orde Terceira, Espartero, Baluarte, Socorro, Mercé, Benito Vicetto, San Francisco e Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco. Á chegada á Igrexa Parroquial do Socorro farase a ofrenda floral ante a imaxe titular da parroquia.

Paso: Cristo da Boa Morte (David Dos Santos Feal, 2002).

PROCESIÓN DE XESÚS ATADO Á COLUMNA E A SANTÍSIMA VIRXE DA ESPERANZA

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 22.00 h.

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Terra, Dolores, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: Xesús Atado á Columna, Cristo Penitencial e a Virxe da Esperanza (Anónimo, s. XVII).





MÉRCORES SANTO

PROCESIÓN DO CRISTO DOS NAVEGANTES

Organiza: Parroquia do Socorro.

Hora: 19.30 h.

Percorrido: Polo barrio de Ferrol Vello.

Paso: Cristo dos Navegantes.

PROCESIÓN DA NOSA SEÑORA DOS CATIVOS E O SANTÍSIMO CRISTO REDENTOR

Organiza: Confraría da Mercé.

Hora: 19.30 h.

Percorrido: Capela da Mercé, María, Arce, Real, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Terra, Real, Méndez Núñez, María e Capela da Mercé.

Pasos: A Nosa Señora dos Cativos (José Hurtado, 2012) e Cristo Redentor (José Rivas, 1927).

PROCESIÓN DO CRISTO DO PERDÓN E MARÍA SANTÍSIMA DOS DESAMPARADOS

Organiza: Confraría das Angustias.

Hora: 21.00 h.

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), paseo de Pablo Iglesias, Carme, Real, Coruña, Magdalena, Carme e retirada no Santuario da N^ª. S^ª. das Angustias.

Pasos: Cristo do Perdón (Guerra Felipe, 1864) e María Santísima dos Desamparados (Portugal, s. XIX).



PROCESIÓN DA PENITENCIA

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 21.30 h - Acto Penitencial.
22.00 h - Saída da procesión.

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Terra, Dolores, Méndez Núñez e retirada.

Paso: Cristo Xacente.

PROCESIÓN DO NOSO PAI XESÚS CAMIÑO DO CALVARIO

Organizan: Confrarías da Orde Terceira.

Hora: 23.45 h.

Percorrido: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco, glorieta da Orde Terceira, Real, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Rubalcava, Real, glorieta da Orde Terceira e Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco.

Paso: O Noso Pai Xesús (2013).



XOVES SANTO

PROCESIÓN DA PONTIFICIA, REAL E ILUSTRE CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA DAS ANGUSTIAS

Organiza: Confraría das Angustias.

Hora: 19.30 h.

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), Carlos III, Españaoleto, Soto, San Amaro, Lugo, Real, Sánchez Barcáztégui, Magdalena, Carme, paseo de Pablo Iglesias e retirada solemne no Santuario da N^a. S^a. das Angustias.

Pasos: Xesús Nazareno (Florencio Severo Gambino, s. XVIII), Cristo da Agonía (Florencio Severo Gambino, 1789), Cristo Xacente (Guillermo Feal, 1957) e N^a. S^a. das Angustias (Anónimo, s. XVIII).

PROCESIÓN DO CRISTO DA MISERICORDIA E MARÍA SANTÍSIMA DA PIEDADE

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 23.00 h.

Percorrido: Méndez Núñez, María, Arce, Magdalena, Rubalcava, praza de Armas, Terra, Real, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: Oración no Horto, Cativo, Nazareno, Cristo da Misericordia, Cristo Penitencial e Virxe da Piedade.





VENRES SANTO

PROCESIÓN DE XESÚS NAZARENO

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 11.45 h.

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Rubalcava e praza de Armas.

Paso: Xesús Nazareno.

PROCESIÓN DA NOSA SEÑORA DAS DOLORES

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 12.00 h.

Percorrido: Méndez Núñez, Dolores e praza de Armas.

Pasos: San Xoán, Verónica e Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 13.00 h - Praza de Armas.

Percorrido: Praza de Armas, Dolores, Méndez Núñez e Igrexa de Dolores.

Pasos: Xesús Nazareno, San Xoán, Verónica e Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DO CRUCIFICADO

Organiza: Confraría da Mercé.

Hora: 16.30 h.

Percorrido: Capela da Mercé, María, Arce, Real, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Coruña, Real, Méndez Núñez, María e Capela da Mercé.

Paso: Cristo Redentor (José Rivas, 1927).



PROCESIÓN DO TRASLADO

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 18.30 h.

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcáiztegui, Igrexa e Concatedral de San Xulián.

Pasos: San Xoán Evanxelista e Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO

Organiza: Confraría do Santo Enterro.

Hora: 19.00 h.

Percorrido: Concatedral de San Xulián, Igrexa, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Rubalcava, Real, Arce, Magdalena, Sánchez Barcáiztegui, Igrexa e Concatedral de San Xulián.

Pasos: San Xoán, Santa Urna do Santo Enterro (Urbano Anido, 1891) co Santísimo Cristo do Santo Enterro (Manuel Corgo, 1891) e Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DA SOIDADE

Organizan: Confrarías da Orde Terceira.

Hora: 21.00 h.

Percorrido: Glorieta da Orde Terceira, Real, San Diego, Magdalena, Rubalcava, Real, glorieta da Orde Terceira e Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco.

Pasos: Santa María Magdalena (Guillermo Otero Feal, 1956) e Santísima Virxe da Soidade (Anónimo, s.XVIII).

PROCESIÓN DOS CALADIÑOS

Organiza: Confraría de Dolores.

Hora: 23.15 h - Acto litúrxico na Concatedral de San Xulián.
23.30 h - Procesión.

Percorrido: Concatedral de San Xulián, Igrexa, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Terra, Real, Méndez Núñez, praza de Amboaxe e retirada.

Pasos: San Xoán e Virxe de Dolores.



SÁBADO SANTO

PROCESIÓN DA CARIDADE E O SILENCIO

Organiza: Confraría das Angustias.

Hora: 20.30 h. Desde as 9.00 h, recollida de esmola para o Refuxio do Santo Hospital de Caridade a cambio dunha flor dos troncos que procesionaron en Semana Santa.

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), paseo de Pablo Iglesias, Carme, Real, Concatedral de San Xulián –onde se entrega a esmola ao Cabido do Santo Hospital de Caridade–, Igrexa, Carme, paseo de Pablo Iglesias e retirada no Santuario da N^a. S^a. das Angustias.

Pasos: Cruz Sudario (Anónimo, s. XVIII) e Virxe da Caridade e o Silencio (Anónimo, s. XVIII).





DOMINGO DE RESURRECCIÓN

PROCESIÓN DE XESÚS RESUCITADO AO ENCONTRO COA SÚA NAI

Organizan: Confrarías da Orde Terceira.

Hora: 11.30 h.

Percorrido: Capela da Venerable Orde Terceira, glorieta da Orde Terceira, Real, Rubalcava e praza de Armas.

Pasos: Cruz Sudario e Xesús Resucitado (Talleres Olot, 2004).

PROCESIÓN DA VIRXE DA LUZ AO ENCONTRO CO SEU FILLO

Organiza: Confraría das Angustias.

Hora: 11.30 h.

Percorrido: Santuario das Angustias, paseo de Pablo Iglesias, Carne, Galiano e praza de Armas.

Paso: María Santísima da Luz (Anónimo, s. XIX).

PROCESIÓN DE MARÍA MAGDALENA AO ENCONTRO DE XESÚS RESUCITADO

Organiza: Confraría da Mercé.

Hora: 12.00 h.

Percorrido: Capela da Mercé, María, Méndez Núñez, Dolores, Terra e praza de Armas.

Paso: María Magdalena (2008).



PROCESIÓN DA RESURRECCIÓN

Organizan: Confrarías da Orde Terceira, Mercé e Angustias.

Hora: 12.30 h - Gozoso encontro na praza de Armas (unha vez finalizado este, formarase unha única procesión coas confrarías da Orde Terceira, a Mercé e as Angustias).

Reinicio da procesión.

Percorrido: praza de Armas, Terra, Real e retirada na Capela da Venerable Orde Terceira.

Pasos: Cruz Sudario, Santa María Magdalena (David Dos Santos Feal, 2006), Xesús Resucitado e María Santísima da Luz (Anónimo, s. XIX).

HORARIOS DE ACTIVIDADES EN SEMANA SANTA

VISITAS GUIADAS
RUTA DA CONSTRUCCIÓN NAVAL
PASEOS EN BARCO







VISITAS GUIADAS. RUTA DA CONSTRUCCIÓN NAVAL

(DO XOVES 2 AO DOMINGO 5 DE ABRIL)

ARSENAL MILITAR (BEN DE INTERESE CULTURAL)

Acompáñanos a visitar esta base naval, a máis importante do norte de España, onde teñen a súa base as fragatas máis modernas, as F-100. Descubriremos o que hai detrás da muralla, o porto ideal da Ilustración e unhas instalacións aínda operativas que nos sorprenderán pola súa beleza e os seus 250 anos de historia.

Punto de encontro: Oficina de Turismo do Porto.

Hora de presentación: 15 minutos antes do comezo da visita. Imprescindible reserva previa por teléfono ou presencial na oficina de turismo (teléfono de reservas: 696 531 070).

Horas de inicio da visita: 11.00 h primeira visita, 12.30 h segunda visita.

Duración: 1,5 h aprox.

Participantes: máximo 50 persoas.

Prezo pola visita guiada: 4 € por persoa, menores de 5 anos gratis.

É obrigatorio presentar documentación (DNI, pasaporte, carné de conducir ou militar) para poder acceder ao recinto militar. Prohibido fotos e vídeos no Arsenal.

DOS ESTALEIROS DO REI A NAVANTIA: 250 ANOS CONSTRUÍNDO BARCOS

Visita guiada no tren turístico que nos levará polos estaleiros de Ferrol onde se unen tradición, historia e tecnoloxía na construción de buques militares. Coñeceremos como se constrúen e reparan hoxe en día os buques máis modernos.

Punto de partida: Praza de Galicia (diante do Teatro Jofre).

Hora de presentación: 10 minutos antes do comezo. Imprescindible reserva previa por teléfono ou presencial na Oficina de Turismo do Porto (teléfono de reservas: 696 531 070).

Horas de comezo: 11.00 h primeira visita, 12.30 h segunda visita.

Duración: 1,5 h aprox.

Participantes: máximo 43 plazas.

Prezo: 4 € por persoa, nenos menores de 5 anos gratis.

É obrigatorio presentar documentación (DNI, pasaporte, carné de conducir ou militar) para poder acceder ao estaleiro.

VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO DE SAN FELIPE. OS FANTASMAS VOLVEN A SAN FELIPE (DO XOVES SANTO AO SÁBADO SANTO)

Atrévete con esta visita guiada teatralizada na que se explica a historia do castelo coa axuda dos fantasmas do s. XVIII que o habitan.

Poderase acudir a esta visita en barco, saíndo desde o porto de Curuxeiras en Ferrol (prezo do traslado en barco á parte) ou ben achegarse por libre ao castelo e unirse alí á visita.

Hora de presentación: 16.45 h (barco Rías Altas no porto de Curuxeiras).
17.45 h (no Castelo de San Felipe).

Hora de inicio da visita: 18.00 h.

Duración: 1,5 h aprox.

Participantes: máximo 100 persoas.

Prezo da visita teatralizada: 6 € adultos, 4 € maiores de 65 e nenos entre 5 e 12, menores de 5 anos gratis.

Este prezo non inclúe a viaxe de ida e volta que se pagará directamente no barco.

VISITA GUIADA AO PALACIO DE CAPITANÍA MARÍTIMA DE FERROL (SÁBADO 4 DE ABRIL)

Intérnese na antiga residencia do Almirante Xefe da Zona Marítima do Cantábrico. É un palacio suntuoso, con grandes salóns alfombrados, xigantescos candelabros e reloxos, lámpadas de cristal e antiquísimos mobles de madeiras nobres. Das súas estancias colgan obras de arte inventariadas polo Museo do Prado e cedidas a Ferrol en concepto de depósito.

Visita guiada gratuita de 45 minutos. Necesaria preinscripción no teléfono 696 531 070. Prazas limitadas.

Horarios: 11.30 h e 12.15 h. Imprescindible levar documentación (DNI ou similar).

PASEOS EN BARCO

PASEO EN BARCO POLA RÍA DE FERROL (XOVES, VENRES, SÁBADO E DOMINGO)

Duración: 1 h.

Saídas do porto de Curuxeiras de Ferrol.

Horarios: 12.00, 13.00, 16.00, 17.00, 18.00 e 19.00 h.

Venda de tickets no mesmo barco.

Prezo: 7 € i/v, nenos menores de 5 anos gratis.

PASEO EN BARCO FERROL-MUGARDOS-FERROL

(XOVES, VENRES, SÁBADO E DOMINGO)

Saídas desde Ferrol: 11.00, 12.00, 13.00, 14.00, 16.00, 17.00, 18.00, 19.00 e 20.00 h.

Saídas desde Mugardos: 11.30, 12.30, 13.30, 14.30, 16.30, 17.30, 18.30, 19.30 e 20.30 h.

Venda de tickets no mesmo barco.

Prezo: 3 € por traxecto, nenos menores de 5 anos gratis.

PASEO EN BARCO AO CASTELO DE SAN FELIPE (XOVES, VENRES E SÁBADO)

Saída do porto de Curuxeiras de Ferrol.

Horario de ida: 17.00 h. **Horario de volta:** 19.45 h.

Venda de tickets no mesmo barco.

Prezo: 6 € i/v, nenos menores de 5 anos gratis.

Este servizo permite chegar a tempo ás visitas teatralizadas do castelo. O ticket para a visita mércaselle á guía no propio castelo.





FERROL ECUESTRE EQUIOCIO 2015

PROGRAMA
DO 2 AO 5 DE ABRIL
NO RECINTO FEIRAL
DE PUNTA ARNELA



DO 27 AO 31 DE MARZO: CLINIC DE SALTO EQUIOCIO

10.00 a 14.00 h - Clinic de salto dirixido a escolares de primeiro e segundo ciclo de primaria.

16.00 a 20.00 h - Clinic de salto dirixido a escolares de primeiro e segundo ciclo de primaria.

XOVES 2 DE ABRIL

10.00 h - Apertura do recinto.

10.30 a 14.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

15.00 a 21.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

Cerimonia oficial inauguración EQUIOCIO 2015 (Pavillón Vestíbulo).

PAVILLÓN VESTÍBULO: Exposicións, postos institucionais e circuito de seguridade vial.

PAVILLÓN 2: Zona de restauración e postos comerciais de 10.00 a 21.00 h.

PAVILLÓN 3: Zona infantil de 10.00 a 21.00 h.

- Escenario Equiocio: música infantil, danza, mascotas, charlas de alimentación e coidado de mascotas, agility, adestramento canino...
- Inchables
- Obradoiros de agricultura, alimentación e cociña
- Xogos
- Ludoteca
- Aula ecuestre - Poni Club

VENRES 3 DE ABRIL

10.00 h - Apertura do recinto.

10.30 a 14.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

15.00 a 21.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

PAVILLÓN VESTÍBULO: Exposicións, postos institucionais e circuito de seguridade vial.

PAVILLÓN 2: Zona de restauración e postos comerciais de 10.00 a 21.00 h.

PAVILLÓN 3: Zona infantil de 10.00 a 21.00 h.

- Escenario Equiocio: música infantil, danza, mascotas, charlas de alimentación e coidado de mascotas, agility, adestramento canino...
- Inchables
- Obradoiros de agricultura, alimentación e cociña
- Xogos
- Ludoteca
- Aula ecuestre - Poni Club

SÁBADO 4 DE ABRIL

10.00 h - Apertura do recinto.

10.30 a 14.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

15.00 a 21.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

19.00 h - Nomeamento Amazonas/Xinetes de Honor Equiocio 2015 (Pavillón 1).

PAVILLÓN VESTÍBULO: Exposicións, postos institucionais e circuito de seguridade vial.

PAVILLÓN 2: Zona de restauración e postos comerciais de 10.00 a 21.00 h.

PAVILLÓN 3: Zona infantil de 10.00 a 21.00 h.



- Escenario Equiocio: música infantil, danza, mascotas, charlas de alimentación e coidado de mascotas, agility, adestramento canino...
- Inchables
- Obradoiros de agricultura, alimentación e cociña
- Xogos
- Ludoteca
- Aula ecuestre - Poni Club
- Exteriores: torneo/exhibición canina (agility)

DOMINGO 5 DE ABRIL

10.00 h - Apertura do recinto.

10.30 a 14.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

15.00 a 21.00 h - Concurso Hípico Nacional CSN**** (Pavillón 1).

21.00 h - Entrega de premios Gran Premio e clausura (Pavillón 1).

PAVILLÓN VESTÍBULO: Exposicións, postos institucionais e circuito de seguridade vial.

PAVILLÓN 2: Zona de restauración e postos comerciais de 10.00 a 21.00 h.

PAVILLÓN 3: Zona infantil de 10.00 a 21.00 h.

- Escenario Equiocio: música infantil, danza, mascotas, charlas de alimentación e coidado de mascotas, agility, adestramento canino...
- Inchables
- Obradoiros de agricultura, alimentación e cociña
- Xogos
- Ludoteca
- Aula ecuestre - Poni Club
- Exteriores: torneo/exhibición canina (agility)

HORARIOS DE MUSEOS E EXPOSICIONES

MUSEO NAVAL

Irmandiños, s/n. Edificio de Ferrerías.

Tel.: 981 338 907. www.armada.mde.es

Laborables de 9.30 a 13.30 h. Sábados, domingos e festivos de 10.30 a 13.30 h.

Exposición permanente de barcos antigos, mapas, material de navegación e información de todos os navíos construídos en Ferrol de 1751 a 1984.

Entrada gratuíta. Visitas guiadas para grupos.

EXPONAV

Irmandiños, s/n. Edificio de Ferrerías.

Tel.: 981 336 017. www.exponav.org

Horario día 29 de marzo: de 10.30 a 14.00 h. Horario días 30 e 31 de marzo e 1, 2, 4, 5 e 6 de abril: de 10.30 a 14.00 h e de 17.00 a 20.00 h. Día 3 de abril pechado.

Un percorrido pola historia da construción naval no maior museo de Europa dedicado a esta actividade. Destaca ademais a beleza do seu interior, unha nave industrial do s. XVIII.

Prezo: 2 € adultos. Maiores de 60 anos: 1 €. Mozos ata 16 anos: gratis.

Grupos (colexios, universidades, institutos, etc.): gratis. Necesítase concertar visita previamente.

CENTRO TORRENTE BALLESTER (CTB)

Concepción Arenal, s/n.

Tel.: 981 944 187. www.centrotorrenteballester.es

Acceso gratuíta. Visita guiada o martes 31 de marzo ás 11.00 h. Necesítase inscrición previa no teléfono 981 944 180.

Dedicado á exhibición, produción e estudo da arte contemporánea. Situado nun emblemático edificio do s. XVIII que foi Hospital de Caridade, foi obxecto dunha rehabilitación integral. Na súa capela celébranse espectáculos de pequeno formato pero de gran calidade.

Exposición temporal de artistas de Ferrol: "A través da paisaxe". Do 13 de marzo ao 28 de xuño.

AFUNDACIÓN (OBRA SOCIAL ABANCA)

Praza da Constitución, s/n.

Tel.: 981 330 280. www.afundacion.org

Exposición: “Javier Teniente. Mans salgadas”. Entrada gratuíta.

Horario: de luns a sábado de 11.00 a 14.00 h e de 18.00 a 21.00 h.

A exposición consta de 60 fotografías organizadas nas seguintes seccións: Estaleiros, a ardora, Gran Sol, a costeira do bonito, estibadores, percebeiros, marisqueo, a lonxa e o Prestige.

O obxectivo desta mostra é poñer en valor o traballo das persoas que viven do mar. Este é un labor que se soe desenvolver en condicións exixentes (frío, esforzo físico, riscos...), pero que non sempre é recoñecido.

MUSEO DA NATUREZA

Casa do Coronel. Pz. Canido, s/n.

Tel.: 881 931 315. www.sghnferrol.blogspot.com

De luns a venres de 9.30 a 13.30 h e de 16.30 a 20.30 h. Sábados, domingos e festivos pechado.

Entrada gratuíta.

Xestionado pola Sociedade Galega de Historia Natural, recolle unha interesante colección de fósiles e restos de animais, plantas e minerais.

TEATRO JOFRE

Praza de Galicia, s/n.

Tel.: 981 944 180. www.ferrol.es/jofre

Visita guiada o luns 30 de marzo ás 11.00 h. Necesaria inscrición previa no teléfono 981 944 180. O luns 6 de abril (festivo local) non hai visita.

Inaugurado en 1892, é unha das máis importantes obras da arquitectura teatral de España, cunha perfecta acústica no interior e decoración de estilo clasicista. A súa fachada, modernista, foi remodelada por Ucha Piñeiro en 1919 e confírelle un aspecto de pazo urbano.

XARDÍN DIDÁCTICO DA AUGA (AQUACIENCIA)

Parque Raiña Sofía, s/n.

Tel.: 981 944 221. www.ferrol.es/aquaciencia

Laborables e sábados de 10.00 a 14.00 h e de 16.30 a 20.00 h. Domingos, luns e festivos pechado.

Un espazo para aprender e xogar coa auga. De forma amena os visitantes poden ir paseando polo xardín e, mediante distintos dispositivos, maquetas, paneis e xogos, descubrir a auga, a súa enerxía e os seus usos e propiedades.

AULA DE ECOLOXÍA URBANA

Irmandiños, s/n.

Tel.: 981 944 222. www.ferrol.es/aeu

Horario de inverno: de martes a domingo, de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 18.00 h. Horario desde o 1 de abril: de 10.00 a 14.00 h e de 16.30 a 20.00 h.

Realizaranse actividades gratuítas todas as tardes. Nelas poderase aprender a facer manualidades aproveitando residuos. Para asistir non é necesaria inscrición previa, pero as prazas son limitadas. Tempo mínimo de permanencia: 1 hora.

Destinatarios: nenos a partir de 7 anos (acompañados por un adulto) e adultos.

GALERÍA SARGADELOS

Rubalcava, 30-32.

Tel.: 981 353 714. www.sargadelos.com

Horario: de luns a sábado, de 10.00 a 13.30 h e de 17.00 a 21.00 h. Domingos e festivos pechado.

Co obxectivo de difundir a cultura de Galicia, organiza exposicións, actividades, presentacións de libros, etc., ademais de ser librería e tenda de obxectos da coñecida fábrica galega de cerámica Sargadelos.

CAMIÑO INGLÉS



No peirao de Curuxeiras encóntrase o quilómetro 0 do Camiño Inglés, unha forma diferente de peregrinar a Santiago de Compostela.

O percorrido, que destaca polo verde das paisaxes, transcorre por unha das comarcas máis fermosas e variadas de Europa.

O mosteiro do Couto, coa súa preciosa igrexa románica de San Martiño de Xuvia, reflectíndose na ría de Ferrol, era a primeira parada. O de Caaveiro quizais a segunda, pero con toda certeza atravesaban as pontes medievais que construíron os Andrade. Pontedeume, Cambre, Betanzos e O Burgo, onde se unían á ruta coruñesa.

Polo camiño, monumentos medievais inesquecibles, como os castelos de Pontedeume, o románico de Bremao, Tiobre, Santa María de Cambre e a monumental cidade de Betanzos quedarán fixados na nosa memoria para sempre.





Facebook.com/Ferrolturismo



@marvisitFerrol



youtube.com/Ferrolturismo




pinterest.com/Ferrolturismo



descubreFerrol.es

Descárgate gratis a nova app turística
VISIT FERROL



Semana Santa
FERROL
Colaboración Ferrol Turismo e Ferrol.com